UNIDADE

5 O Dominado

ÍNDICE DE CONTIDOS
1. IMPERIO: O DOMINADO 1.1. Diocleciano (284-305 d.C.) 1.2. Constantino (306-337 d.C.) 1.3. Teodosio (379-395 d.C.) **2. A FLEXIÓN NOMINAL: TERCEIRA DECLINACIÓN. SUBSTANTIVOS DE TEMA EN VOGAL –i** 2.1. Substantivos masculinos e femininos 2.2. Substantivos neutros **3. A FLEXIÓN VERBAL: O SISTEMA DE PRESENTE DA CONXUGACIÓN REGULAR EN INDICATIVO E SUBXUNTIVO. VOZ PASIVA** **4. SINTAXE: A ORACIÓN PASIVA** **LÉXICO** Evolución fonética: consoantes en posición final Expresións latinas

Na unidade anterior empezabamos o estudo do Imperio, en concreto a primeira das súas etapas, o Principado. Nesta estudaremos os acontecementos máis significativos do último período da historia romana, o Dominado, tamén chamado Baixo Imperio, acontecementos que levaron ao declive dun sistema de goberno e á desaparición do Imperio romano.

Os temas en vogal poñerán fin ao estudo dos substantivos da terceira declinación. Con iso avanzarase no coñecemento da declinación á que pertencen gran número de substantivos e adxectivos latinos, polo que coñecela resultará bastante rendible.

O estudo do sistema de presente da conxugación regular completarase cos tempos de indicativo e subxuntivo en voz pasiva, o que permitirá ademais coñecer outro tipo de oracións, as pasivas, de maior uso en latín que en galego e castelán.

Legado	Lingua	Léxico	Textos
O Imperio: O Dominado	**Flexión nominal: 3ª declinación, temas en vogal -i** **Flexión verbal: Voz pasiva do sistema de presente dos modos indicativo e subxuntivo dos verbos regulares**	**Do latín ao galego e castelán** **Expresións latinas**	**O Imperio**

1. O Imperio: o Dominado

A desaparición definitiva da República, acaecida en torno ao ano 30 a.C., supuxo o nacemento dunha nova etapa, a do Imperio, cuxo final sitúase no 476 d.C. Entre ambas datas ábrese un longo período de cinco séculos no que sucederon acontecementos importantes para a historia de Roma que contribuíron primeiro á consolidación do novo sistema de goberno, máis tarde, ao seu esplendor, non exento de altibaixos, e, por último, ao seu declive.

Ao longo deses cincocentos anos, o sistema sufriu diversos cambios, algúns tan relevantes como para distinguir dentro del dúas etapas ben diferenciadas, o Principado ou Alto Imperio, e o Dominado ou Baixo Imperio.

A primeira delas que comprende os tres primeiros séculos do Imperio, é dicir, a partir das orixes, pasando polo momento de maior esplendor, até o ano 284 d.C., recibiu o nome de Principado, derivado, segundo dixemos na Unidade anterior, de **princeps***, *o primeiro cidadán*, palabra coa que se designou aos emperadores desde Octavio Augusto até Diocleciano. O termo **princeps** reflectía moi ben o papel desempeñado entón polo emperador que, aínda sendo o primeiro, era un cidadán máis.

Porén, coa morte de Alexandro Severo, ocorrida no 235 d.C., iniciouse un período, o da **anarquía militar***, no que o Imperio viviu unha situación crítica. Os continuos nomeamentos e asasinatos de emperadores levados a cabo polo exército debilitaron tanto o sistema que ben puideron acabar con el; de feito, isto acontecería de non ter xurdido a figura de Diocleciano, cuxo eficaz labor de goberno insuflou novos aires ao maltreito Imperio que, dese modo, puido manterse durante dous séculos máis, aínda que con diversos cambios que puxeron fin á súa primeira etapa e deron paso á segunda, a do Dominado ou Baixo Imperio.

Esta abarca a partir do ano 284 até o 476 d.C., data na que, como xa dixemos, finalizou este sistema de goberno. O nome de Dominado polo que se a coñece provén de **domĭnus***, *amo, señor*, palabra coa que se designou ao emperador a partir de Diocleciano.

O troco na denominación viuse acompañado polo que se produciu no papel que había de desempeñar no futuro. O emperador xa non será un cidadán máis, senón o dono e señor, o que supuxo para os demais convertérense nos seus súbditos.

O novo nome marcou o paso do réxime imperial a unha monarquía absoluta, cunhas formas de carácter orientalizante, descoñecidas en Roma até ese momento. No sucesivo, o emperador comezará a utilizar a diadema, símbolo dos monarcas asiáticos, e mostrarase cada vez máis inaccesible aparecendo moi pouco diante do pobo. Nunha palabra, a súa persoa divinizarase e converterase en obxecto de culto.

Aínda que durante os dous últimos séculos do Imperio xa só pode falarse de seu declive, aínda xurdiron emperadores relevantes cuxas actuacións influíron en épocas posteriores. No presente tema centrarémonos en tres deles: Diocleciano, Constantino e Teodosio, que, pola súa autoridade e polas medidas que adoptaron, adoitan incluírse entre os máis representativos dunha época na que xa o emperador desempeñou un papel pouco relevante, e, nalgúns casos, meramente secundario.

1.1. Diocleciano (284-305 d.C.)

Natural de Dalmacia, foi nomeado emperador no ano 284 d.C. grazas aos méritos recollidos no exército. Ao chegar ao poder, o Imperio, sumido nunha grave crise, estaba a piques de desaparecer. Afortunadamente, Diocleciano evitouno cun ambicioso proxecto que contemplaba unha reorganización total do Imperio.

Para levalo a cabo introduciu diversos cambios no sistema de goberno, que se viron favorecidos polo caos existente durante os máis de cincuenta anos de anarquía militar. Neles desapareceron rapidamente moitas institucións republicanas que, aínda desprovistas de case todas as súas funcións, sobreviviran á República, grazas ao interese que naquilo puxeran Octavio Augusto e os seus sucesores. Esa desaparición brindoulle a Diocleciano a oportunidade de introducir outras novas.

Con independencia dos motivos que propiciaron o cambio proxectado polo emperador, as tres medidas que adoptou: a orientalización da monarquía, a separación do poder civil e militar e a racionalización das tarefas administrativas, facilitaron o tránsito do Alto ao Baixo Imperio, do Principado ao Dominado con todo o que iso supuxo.

Non obstante, na súa xestión de goberno Diocleciano non se limitou a reorganizar o Imperio, tratou de darlle ademais unha continuidade para o que ideou tamén un plano destinado a resolver a cuestión sucesoria que, ao longo dos séculos anteriores, ocasionara numerosos problemas ao pobo romano e a el mesmo que tivo que se afrontar con algún personaxe autoproclamado emperador.

Posto que xa case resultaba imposible que unha soa persoa rexera todos os territorios conquistados por Roma, Diocleciano decidiu compartir o poder cun compañeiro, Maximiano, segundo unha fórmula que xa fora utilizada con anterioridade. Xa que logo, dividiu o Imperio en dúas partes: Oriente e Occidente. El reservou a primeira, e entregou Occidente a Maximiano. Ambos tiñan o título de Augusto.

Uns anos máis tarde, no 293 d.C., Diocleciano completou o sistema de sucesión que ideara, a **Tetrarquía*,** e nomeou outros dous emperadores aos que deu o título de Césares: Constancio Cloro e Galerio. O primeiro casou coa fillastra de Maximiano, e Galerio, coa filla de Diocleciano.

Os catro compartiron o poder, e a Tetrarquía parecía funcionar ben. Porén, baseábase demasiado na honradez persoal dos tetrarcas, pois non tiña un carácter hereditario, senón selectivo, xa que cada Augusto debía elixir a quen considerase mellor, máis capaz de realizar a tarefa encomendada. Para revelarse como un sistema realmente válido, faltaba saber que ocorrería cando faltase calque-

ra dos dous Augustos, Diocleciano ou Maximiano, pois entón o César correspondente tería que sucedelo e elixir a un novo César co que compartir as tarefas de goberno.



Cando Diocleciano se sentiu enfermo no ano 303 d.C., creu que chegara o momento de constatar a súa validez. O emperador decidiu abdicar e retirarse á súa vila dálmata de Espalato para comprobar en vida se conseguira solucionar a cuestión sucesoria pola que tanto se preocupara. Xa que logo, no 305 d.C. abdicou. Pola súa banda, Maximiano tamén o fixo. De maneira automática, Constancio Cloro e Galerio accederon ao poder en calidade de Augustos e nomearon aos Césares con quen haberían de compartir o goberno do Imperio. O primeiro elixiu a Severo, e o segundo, a Maximino Daia.

Como era de esperar, coa desaparición de Diocleciano, auténtico bastión do sistema, a Tetrarquía deixou de funcionar polos enfrontamentos existentes entre os novos Augustos, Constancio e Galerio, que, levados da súa ambición, foron restando competencias aos seus respectivos axudantes. Por outra parte, o carácter selectivo da Tetrarquía perdeuse en favor do hereditario, xa que Constantino e Maxencio, fillos respectivamente de Constancio Cloro e de Maximino Daia, mostraron moi pronto os seus desexos de poder e de gloria.

Por ese motivo, cando Galerio chamou a Constantino, o fillo de Constancio Cloro, para mandar as tropas romanas do Danubio, este abandonou o seu posto a comezos do ano 306 d.C., e dirixiuse xunto ao seu pai a Bretaña. No verán dese mesmo ano Constancio Cloro morreu, e a súa morte desencadeou a loita entre os tetrarcas que acabou co sistema ideado por Diocleciano.

O primeiro problema expúxoo Constantino, pois, ao morrer o seu pai, foi escollido Augusto polas tropas de Bretaña, de cuxo favor gozaba. Pola súa banda, Galerio opúxose ao nomeamento para non deixar de novo en mans do exército a elección do emperador. Optou por unha solución de compromiso, deu o título de Augusto a Severo, a quen lle correspondía lexitimamente por ter sido o axudante de Constancio Cloro, e outorgou o de César a Constantino.

Non obstante, os intentos por salvar a Tetrarquía resultaron infrutuosos, pois tras algúns anos de continua confusión, Constantino e Maxencio enfrontáronse abertamente polo dominio de Occidente. O primeiro derrotou ao segundo na definitiva batalla da ponte Milvio. Maxencio, ao tratar de fuxir, morreu afogado no río Tíber, e deixou o camiño libre a Constantino.

1.2. Constantino (306-337 d.C.)

Este, dono de Occidente tras derrotar a Maxencio, entrou en Roma como novo emperador. Segundo se conta, antes de loitar contra Maxencio viu o **lábaro*** co anagrama de Xesucristo que lle prometía a vitoria se o gravaba no seu estandarte coa seguinte frase: *con este signo vencerás*. O suceso acaecido a noite antes da súa vitoria sobre Maxencio levoulle a promulgar no ano 313 d.C. o Edicto de Milán, polo que se permitiu a liberdade de culto e se puxo fin ás continuas persecucións sufridas até ese momento polos cristiáns.

Tras uns anos nos que viu como a súa figura se consolidaba, decidiu desfacerse do seu compañeiro Licinio, que, á morte de Galerio, disputara a supremacía de Oriente a Maximino Daia ao que finalmente derrotou. Constantino, para converterse en dono absoluto do Imperio, enfrontouse a el nunha batalla decisiva que tivo lugar en Adrianópolis, e venceuno. Licinio, derrotado por terra, retirouse a Bizancio onde sufriu unha nova derrota, esta vez naval. Tras vencer este último obstáculo, Constantino quedou só no poder, e adoptou unha nova medida de importantes consecuencias para o futuro do Imperio.

Levado por motivos administrativos e estratéxicos, decidiu fundar unha nova cidade que levaría o seu nome, Constantinopla. A súa poboación, constituída pola antiga **polis*** grega, medrou coa construción de novos barrios, igrexas e palacios. Unha vez finalizada, Constantino trasladou a ela a sede imperial. Desde ese momento e até a súa morte, fixou alí a súa residencia abandonándoa en raras ocasións. A aparición dunha cidade cuxa importancia competía coa de Roma acelerou a división do Imperio en dúas partes: Oriente e Occidente.

Por último, tamén o emperador se ocupou do eterno problema do Imperio, o da sucesión. Asociou ao poder aos seus tres fillos: Constantino, Constancio e Constante. Incluso dous anos antes da súa morte, no 335 d.C., realizou outro reparto para dar cabida a dous sobriños. Deste modo, a Tetrarquía de Diocleciano, de carácter selectivo e non hereditario, viuse substituída pola de Constantino, que tiña un marcado cariz hereditario, pois consistiu nun reparto familiar.

Constantino enfermou no 337 d.C., e pouco despois morreu na súa vila de Nicomedia. Ao ver que a súa vida se apagaba, pediu ser bautizado.

Unha vez máis o sistema de sucesión non funcionou, aínda que neste caso os sucesores pertencían á mesma familia. Constancio, ao decatarse de que o seu pai agonizaba, acudiu xunto aos seus irmáns. Unha vez alí, os tres fillos: Constancio, Constantino e Constante, atacaron aos seus primos que morreron xunto a outros membros da familia. Con todo, a loita non terminara. Constantino, que atacou ao seu irmán Constante, morreu preto de Aquileia. En principio, temeuse que os dous irmáns superviventes Constante e Constancio loitasen entre si, pero, ocupados en defender os seus territorios de inimigos externos, non o fixeron. Cando anos máis tarde Constante se suicidou, todo o poder quedou en mans de Constancio.

A pesar diso, a paz non durou demasiado, pois iniciouse unha época de **anarquía*** na que diversos usurpadores se proclamaron emperadores disputándolle o poder a Constancio. Ao morrer este no

361 d.C., un parente seu, Xuliano, coñecido como Xuliano o Apóstata polas súas ideas relixiosas contrarias ao cristianismo, fíxose co poder. Tras a súa morte, sucedéronse varios emperadores que non resultaron moi representativos: Flavio Xoviano, Valentiniano, Valente, Valentiniano II e Graciano. Con todo, este último, moi mozo para gobernar só, elixiu para que lle axudase a Teodosio ao que nos referiremos deseguido.

1.3. Teodosio (379-395 d.C.)

Cando no 379 d.C. chegou ao poder con trinta anos, apresurouse a adoptar unha primeira medida, a de alistar no exército romano a numerosos godos para que lle axudasen a expulsar aos seus compatriotas. Posteriormente, os historiadores expresaron opinións moi dispares sobre ela. Para uns, os romanos revitalizáronse ao recibir sangue novo. Para outros, as lexións romanas debilitáronse enormemente ao desaparecer a férrea disciplina de tempos anteriores.

Con todo, hai un feito que resulta incuestionable: a adopción desa medida, polo menos, permitiulle manter o poder durante case vinte anos, do 379 ao 395 d.C.

Unha das decisións máis coñecidas do seu mandato afectou ao ámbito relixioso, xa que, no ano 391 d.C., o cristianismo converteuse na relixión oficial, e os demais cultos pagáns foron abolidos.

Polo que se refire ao gran problema do Imperio, o sucesorio, adoptou medidas similares ás doutros emperadores anteriores. Así asociou no poder aos seus fillos, Arcadio e Honorio. Ao primeiro púxoo á fronte de Oriente, e ao segundo, de Occidente. Así e todo, a morte repentina de Teodosio no 395 d.C. transformou un reparto, semellante aos que se estableceran nos últimos tempos do Imperio, nunha auténtica división deste.

A partir dese momento, a unidade imperial rompeuse. Oriente e Occidente non volveron xa a unirse, e formáronse dous Imperios, o de Oriente con capital en Constantinopla, e o de Occidente cuxa capital estivo a partir do ano 404 d.C. en Rávena. Aínda que xeralmente se considera que esta división realizada por Teodosio respondeu á súa vontade, en realidade, foi máis ben produto da decadencia política e militar de Roma.

O Imperio no S. IV

Con independencia disto, ambas partes correron sortes distintas: no Imperio de Occidente varios emperadores, cada vez máis febles e inoperantes, sucedéronse aínda durante oitenta anos até que no 476 d.C., tras continuas invasións bárbaras, o hérulo Odoacro depuxo a Rómulo Augústulo, o último emperador do Imperio de Occidente.

A parte oriental mantívose moito máis tempo,

aínda que finalmente, no ano 1453, coa caída de Constantinopla en poder dos turcos, atopou tamén o seu final.

Desta maneira, cinco séculos despois do seu comezo, o Imperio romano, o máis grande da Historia, chegou ao seu fin.

2. A flexión nominal: terceira declinación. Substantivos de tema en vogal -i

Segundo dixemos anteriormente, na terceira declinación coexisten substantivos e adxectivos. Todos eles recoñécense pola terminación **-is** do xenitivo de singular. Centrarémonos nos primeiros.

Nas dúas primeiras declinacións hai un tema único que termina respectivamente en **-a** e en **-o/-e**. A diferenza disto, na terceira aparecen dous: en **consoante** (**imparisílabos***) e en vogal **-i** (**parisílabos***). No primeiro inclúense aqueles substantivos nos que, ao non aparecer **vogal temática***, **tema*** e **raíz*** coinciden. No segundo, os que engaden a vogal temática **-i** ao **lexema*.**

Todos eles presentan un xenitivo singular en **-is**. Non obstante, agás nalgunhas excepcións ás que nos referiremos despois, o enunciado axuda a incluílos nun ou noutro grupo. Se o número de sílabas do nominativo e do xenitivo de singular é distinto, é dicir, ambas formas son imparisílabas entre si, o substantivo pertence aos temas en consoante: **consul, consŭlis**. Se, polo contrario, este número é igual, ou sexa, os dous casos son parisílabos entre eles, inclúese nos temas en vogal **-i**: **civis, civis**.

Posto que na cuarta unidade xa se explicaron os primeiros, nesta estudaranse os de tema en vogal para completar así a terceira declinación de substantivos.

Pertencen a este grupo substantivos de xénero masculino, feminino e neutro. No nominativo de singular os masculinos e femininos adoptan a desinencia **-s**, fronte aos neutros que presentan desinencia **cero (-ø)**.

Xa que non resulta fácil separar en todos os casos tema e desinencia polos cambios fonéticos que enmascaran un e outra, falaremos unha vez máis de terminacións. Son as seguintes:

CASO	MASCULINOS E FEMININOS		CASO	NEUTROS	
	SINGULAR	PLURAL		SINGULAR	PLURAL
Nominativo	**-is, -es, -er, dúas consoantes**	**-es**	Nominativo	**-e, al, -ar**	**-ia**
Vocativo	**-is, -es, -er, dúas consoantes**	**-es**	Vocativo	**e, -al, -ar**	**-ia**
Acusativo	**em***	**-es**	Acusativo	**e, -al, -ar**	**-ia**
Xenitivo	**-is**	**-ium**	Xenitivo	**-is**	**-ium**
Dativo	**-i**	**-ibus**	Dativo	**-i**	**-ibus**
Ablativo	**-e***	**-ibus**	Ablativo	**-i**	**-ibus**

* Atópanse algúns acusativos en **-im** e ablativos en **-i**. Sen embargo, estas terminacións orixinarias foron substituídas, por analoxía coas dos temas en consoante, polas máis frecuentes **-em** e **-e**. Só nos neutros se mantivo o ablativo en **-i**.

Á vista do explicado anteriormente, varios feitos chaman a atención:

- As múltiples terminacións do nominativo singular, pois, en relación ao que se dixo, só se esperarían dúas, unha para os masculinos e femininos, e outra para os neutros. A primeira, **-is**, procedente da vogal temática **-i** e a desinencia **-s**. A segunda, **-i**, da vogal temática e a desinencia **cero (ø)**.
- As poucas veces que non aparece a vogal temática nas terminacións do nominativo de singular.
- Os cambios nos masculinos e femininos das terminacións de acus. e abl. de sg. **-im** e **-i** en **-em** e **-e**, respectivamente.

Todos estes feitos obedecen a cambios, unhas veces fonéticos, e outras, analóxicos, que, por outra parte, resultan moi frecuentes nesta declinación.

As diversas terminacións do nominativo singular, que logo se repiten no vocativo, e, ás veces, no acusativo do mesmo número, e a reiterada ausencia da vogal temática responden a razóns fonéticas. Por este motivo, ao enumerar as distintas formas que presenta o nominativo de singular, explicaremos os cambios fonéticos que as orixinaron.

2.1. Substantivos masculinos e femininos

NOMINATIVO DE SINGULAR EN **–IS**

Resulta a terminación maioritaria, pois non sofre ningunha mudanza fonética xa que a vogal temática **-i** máis a desinencia **-s** dá **-is**. Así: **civis, civis; hostis, hostis**.

hostis, hostis (m.) *inimigo*

CASO	SINGULAR	PLURAL
Nominativo	**hostis**	**hostes**
Vocativo	**hostis**	**hostes**
Acusativo	**hostem**	**hostes**
Xenitivo	**hostis**	**hostium**
Dativo	**hosti**	**hostĭbus**
Ablativo	**hoste**	**hostĭbus**

NOMINATIVO DE SINGULAR EN **-ES**

Trátase dunha terminación moi pouco frecuente. Nela o **i** do tema transformouse nun **e**, á que se lle engadiu a desinencia **-s** dando a terminación **-es**. Por exemplo: **caedes, caedis; aedes, aedis.**

Realiza as actividades do PENSVM 1

NOMINATIVO DE SINGULAR EN **–ER**

Ao igual que na segunda, este remate procede da perda da vogal temática, neste caso o **i**, precedido da consoante **r**. O **-s** da desinencia asimílase totalmente a ela. O dobre **rr** resultante simplifícase nunha. Como esta adoita ir precedida doutra consoante, o resultado non pode pronunciarse. Para poder facelo, o **r** desenvolve unha vogal **e**. Por exemplo: **imbri-s > imbr-s > imbr-r > imbr > imber** (cfr. o dito na 2ª declinación cos nomes en -**rus**: **ager** < de *agrus).

Dita vogal, ao non pertencer á raíz ou lexema, só aparece no nominativo e no vocativo de singular pero non no resto dos casos, como se comproba no enunciado no que o **e** só está na primeira forma (nominativo de singular), pero non na segunda (xenitivo de singular): **imber imbris.**

NOMINATIVO DE SINGULAR EN DÚAS CONSOANTES

Esta terminación aparece en substantivos nos que a vogal temática **i** desaparece precedida por dúas consoantes, e logo a segunda, unha consoante oclusiva (labial, dental ou velar), ao quedar en contacto co **-s** da desinencia, sofren os cambios fonéticos que se explicaron ao falar dos temas en consoante oclusiva:

- A labial perante **s** mantense: **urbi-s > urb-s**.
- A dental seguida de **s** asimílase totalmente a ela, **ss**, e, posteriormente, ambas **ss** se simplifican nunha: **arti-s > art-s > ars-s > ars**.
- A velar ou gutural, ao unirse ao **s**, represéntase co **x**: **arci-s > arc-s > arx**.

Realiza as actividades do PENSVM 2

2.2. Substantivos neutros

NOMINATIVO DE SINGULAR EN **–E**

Resulta a terminación maioritaria dentro dos neutros. Ten a súa orixe na abertura da vogal temática **i** que, por ter desinencia **-ø**, ocupa a posición final, e ábrese en **e**. Así: **mari-ø > mare**.

NOMINATIVO DO SINGULAR EN **–AL**

Este remate débese á perda do **e** que procede da abertura da vogal temática **i** en posición final. Por exemplo: **animali-ø > animale > animal**.

NOMINATIVO DE SINGULAR EN **-AR**

Ao igual que no suposto anterior, a terminación **-ar** orixínase pola desaparición do **e** procedente da abertura da vogal temática **i** en posición final. Así: **calcari-ø > calcar > calcar.**

Realiza as actividades do PENSVM 3

Por outra parte, a case xeneralizada transformación nos masculinos e femininos de **-im** e **-i**, en **-em** e **-e**, respectivamente, débese a causas analóxicas, pois nun principio, os temas en consoante e os temas en vogal da terceira declinábanse de maneira distinta. Moi pronto entre uns e outros produciuse unha influencia recíproca, aínda que maior por parte dos primeiros, máis numerosos cós en **i**. Esta influencia supuxo a aproximación de ambos temas co resultado que puido apreciarse no cadro anterior de terminacións.

De feito, unicamente os substantivos neutros mantiveron o ablativo orixinario en **-i**, feito ao que se sumaron algúns masculinos e femininos como **sitis, sitis** (f.) *sede* ou **turris, turris** (f.) *torre*: **siti, turri**. Ademais, estes últimos utilizaron tamén en ocasións o acusativo de singular en **-im** propio destes temas: **sitim, turrim**. Porén, a maioría deles só se diferencian de forma clara dos temas en consoante no xenitivo de plural, **-ium/-um, hosti-um /duc-um**, e, no nominativo, vocativo e acusativo de plural dos neutros, -**ia/-a, mari-a/carmĭn-a.**

Por outra parte, os cambios fonéticos e analóxicos expostos afectan ás formas presentes no enunciado. Por iso, aínda que por regra xeral a un tema en consoante lle corresponde un enunciado imparisílabo, e a un en vogal, parisílabo, esta correspondencia non sempre resulta exacta, pois, segundo adiantamos, existen algunhas excepcións:

- OS FALSOS PARISÍLABOS. Substantivos cuxo enunciado consta do mesmo número de sílabas no nominativo e no xenitivo (parisílabos): **pater, patris; mater, matris,** e **frater, fratris**, pero cuxo xenitivo de plural**: patrum, matrum, fratrum**, indícanos que pertencen aos temas en consoante **r** (imparisílabos), e non aos en vogal **i**.
- OS FALSOS IMPARISÍLABOS. Substantivos cuxo enunciado presenta diferente número de sílabas no nominativo e no xenitivo de singular (imparisílabos), **urbs, urbis; ars, artis; arx, arcis; anĭmal, animālis; calcar, calcāris,** pero cuxo xenitivo de plural, **urbium, artium, arcium, animalium,** e **calcarium**, remítenos aos temas en **i** (parisílabos) e non en consoante.

Pola importancia que ten, deseguido explicaremos con máis detalle como se sabe se un substantivo da terceira declinación pertence aos temas en consoante ou en vogal, a partir dos distintos supostos que poden darse:

- COÑÉCESE O XENITIVO DE PLURAL. Resulta moi fácil decidir diante de que tema nos atopamos, pois sacándolle a desinencia **-um**, quedaranos o tema: acabado en consoante (**consul-um**) ou en -i (**navi-um**).
- COÑÉCESE O ENUNCIADO. Neste caso, aínda que cunha pequena marxe de erro, pódese identificar o tema ao que pertence. Abonda con fixarse no número de sílabas dos dous casos do enunciado, e nos cambios fonéticos que presenta o segundo deles, o xenitivo. **Honos honōris** inclúese nos temas en consoante porque o distinto número de sílabas do nominativo, dúas, e do xenitivo, tres, así o indica. Ademais no xenitivo **honōris** produciuse un troco fonético propio destes temas, o rotacismo, polo que o **s** intervocálico se transformou nun **r**. Pola contra, **caedes**

caedis está nos temas en vogal por coincidir o número de sílabas do nominativo e do xenitivo, dúas en cada caso. Ademais, en **caedes** non aparecen os cambios típicos dos temas en consoante.

Non obstante, os substantivos con nominativo de singular acabado en **er**, en dúas consoantes, en **al** e en **ar**, os denominados falsos parisílabos e imparisílabos, poden inducir en erro, se non se sabe o xenitivo de plural.

- DESCOÑÉCESE O XENITIVO DE PLURAL E O ENUNCIADO. Nesta circunstancia, só o dicionario, ou, se é o caso, o vocabulario, permite indagar de que tema se trata. Diante da forma **mari**, cuxo xenitivo de plural, igual que o seu enunciado, se descoñece, deben aplicarse os coñecementos adquiridos.

  Estes indican que pode tratarse dun dativo de singular dun tema en consoante **r**, cun nominativo singular **mar**, ou dun en vogal masculino ou feminino, con dous posibles nominativos de singular **maris, mares**. Tamén, un dativo ou ablativo dun tema en vogal neutro, **mare**. Unicamente o dicionario ou o vocabulario, aporta os datos necesarios para saber que nos atopamos diante da última posibilidade indicada, xa que nel aparece **mare, maris**, e non, **mar, maris; maris, maris**; ou **mares, maris.**

Non obstante, a pertenza dun substantivo aos temas en consoante ou en **i**, non adoita presentar grandes dificultades, xa que aínda que poden darse todos os supostos enumerados anteriormente, a práctica e a frecuente utilización dalgunhas palabras resultan claves para facilitar esta tarefa.

Realiza as actividades do PENSVM 4

3. A flexión verbal: o sistema de presente da conxugación regular en indicativo e subxuntivo. Voz pasiva

Posto que aínda non estudaremos o modo imperativo debido á súa escasa utilización, nin as formas non persoais ou nominais do verbo, completaremos o sistema de presente dos verbos regulares explicando como se forma en voz pasiva.

A este sistema pertencen fundamentalmente:

O presente de indicativo e de subxuntivo.

O pretérito imperfecto de indicativo e de subxuntivo.

O futuro imperfecto de indicativo, xa que en subxuntivo non existe.

Ao igual que en activa, todos estes tempos presentan un elemento común, o tema de presente, que se obtén do enunciado do verbo. Segundo a súa conxugación, este termina en **-a**, en **-e**, en consoante ou en **-u**, e en **-ī** ou **-ĭ** .

Ao tema engádenselle os mesmos **sufixos modais-temporais*** que na voz activa:

MODO	TEMPO	SUFIXO MODAL-TEMPORAL
INDICATIVO	Presente	**-ø-**
	Pretérito Imperfecto	**-ba-**
	Futuro Imperfecto	**-b-/-bi-/-bu-*** (Na 1ª e 2ª conxugación) **-a-/-e-**** (Na 3ª e na 4ª)
SUBXUNTIVO	Presente	**-e-** (Na 1ª conxugación) **-a-** (Na 2ª, 3ª e 4ª)
	Pretérito Imperfecto	**-re-**
(*) O sufixo **-b-,** que aparece na primeira persoa de singular, recibe a partir da segunda unha vogal de unión **-i-** que se mantén até a segunda de plural, xa que na terceira de plural é **-u-**. Estas vogais evitan o encontro da consoante do sufixo e da desinencia persoal. (**) O sufixo **-a-** só se emprega na primeira persoa de singular, nas demais, utilízase o sufixo **-e.**		

Aos dous elementos anteriores, o tema e o sufixo modal-temporal, engádenselle as **desinencias persoais*** que, distintas ás da voz activa, constitúen a única diferenza coa devandita voz. Son as seguintes:

DESINENCIAS PERSOAIS VOZ PASIVA		
PERSOA	**SINGULAR**	**PLURAL**
Primeira	**-r / -or***	**-mur**
Segunda	**-ris/-re****	**-mini**
Terceira	**-tur**	**-ntur**

* **-r**, cando en activa hai **-m**; **-or**, cando en activa hai **-o: amem / amer** (pres. subx. act. / pasivo), **amo / amor** (pres. ind. act. / pasivo)

** **-re** usase pouco, soe aparecer en poesía.

Ademais dos elementos citados, nestas formas verbais aparecen as **vogais de unión***, presentes xa na voz activa.

Na formación dos distintos tempos do sistema de presente en voz pasiva, hai un troco fonético que se repite e que consiste no paso do **ĭ** ao **ĕ** cando vai seguido dun **r**: debe tratarse dun **ĭ** (breve), isto é, vogal de unión ou tema en - **ĭ** (4ª mixta): **duc-ĕ-ris** (3ª), **capĕ -ris** (4ª mixta), pero **audī-ris** (4ª)

Posto que se produce de modo reiterado, deseguido enumeraremos en que conxugación, tempo e persoa o **i** seguido de **r** se converte en **ĕ**:

PRIMEIRA E SEGUNDA CONXUGACIÓN. No futuro imperfecto de indicativo, e, en concreto, na segunda persoa de singular. Así: **ama-b-ĭ-ris > ama-b-ĕ-ris, ama-b-ĭ-re > amab-ĕ-re; mone-b-ĭ-ris > mone-b-ĕ-ris, mone-b-ĭ-re > mone-b-ĕ-re.**

TERCEIRA CONXUGACIÓN. No presente de indicativo, na segunda persoa de singular: **dic-ĭ-ris > dic-ĕ-ris, dic-ĭ-re > dic-ĕ-re**.

CUARTA CONXUGACIÓN MIXTA. No presente de indicativo, na segunda persoa de singular: **capĭ-ris > capĕ-ris, capĭ-re > capĕ-re.**

Realiza as actividades do PENSVM 5

4. Sintaxe: a oración pasiva

Na segunda unidade, establecéronse diversos tipos de oracións simples de acordo coa natureza do verbo, o último deles está constituído polas oracións pasivas.

Nestas atopamos un verbo en voz pasiva e as funcións sintácticas xa estudadas, coas únicas excepcións do complemento directo e do atributo, que se consideran características e imprescindibles nas oracións transitivas e copulativas respectivamente.

Ao igual que ocorre en galego e castelán, no caso que nos ocupamos, aínda que non hai unha función sintáctica imprescindible, si existe unha típica, a de complemento axente, que en galego e castelán se expresa coa preposición *por*, e en latín, ao tratarse dunha lingua flexiva, mediante o caso ablativo.

Agora ben, este ablativo vai só, sen preposición, cando se trata dunha cousa. Pola contra, cando se refire a unha persoa, vai rexido de preposición: de **a**, se a palabra seguinte comeza por consoante, e de **ab**, se o fai por vogal ou por **h**.

Convén analizar unha oración pasiva en galego:

As pontes	*son destruídas*	*polo inimigo*
SUXEITO PAC	V. EN PASIVA	C. AXENTE

Deseguido expresarémola en latín. Para iso hai que coñecer o seguinte vocabulario:

pons, pontis (m.): *ponte*
rumpo, rumpis, rumpĕre, rupi, ruptum (tr.): *destruír*
hostis, hostis (m. e f.): *inimigo*

Ademais, debe lembrarse que o suxeito paciente, propio destas oracións, exprésase en nominativo, e o complemento axente, en ablativo. Este, por tratarse de persoas, vai rexido de preposición, neste caso de **ab**, xa que **hostis** comeza por **h**.

Xa que logo, en latín expresaríase do seguinte modo:

Pontes	**ab hostĭbus**	**rumpuntur**
SUXEITO PAC	C. AXENTE	V. EN PASIVA

Para analizar este tipo de frases, convén seguir as indicacións dadas para analizar as oracións transitivas e intransitivas. Ademais hai que prestar atención ao complemento axente, que, leve ou non preposición en latín, sempre se traduce ao galego precedido de *por*:

Roma a Romŭlo condĭtur *Roma é fundada por Rómulo*.
Gemĭni lupa aluntur *Os xemelgos son alimentados por unha loba*.

Un exercicio apropiado para comprender o que se acaba de explicar consiste en transformar as oracións activas en pasivas e viceversa. Para poder realizalo, resulta fundamental saber as funcións

sintácticas que se manteñen e as que varían en cada tipo de oración. Loxicamente, os problemas poden xurdir nestas últimas. Por iso, hai que coñecer de que variacións se trata, xa que, por outra parte, son comúns ao latín e ao galego:

ACTIVA	PASIVA
Suxeito ---------->	Complemento axente
Complemento directo - >	Suxeito paciente
Verbo en voz activa --- >	Verbo en voz pasiva

Pode deducirse facilmente que en latín o cambio de función leva xeralmente a un cambio de caso. Así o suxeito, que se expresa en nominativo, ao pasar a complemento axente, faino en ablativo, con ou sen preposición, segundo se trate dunha persoa ou dunha cousa. O complemento directo, expresado en acusativo sen preposición, ao converterse no suxeito paciente, pasa a nominativo. No que respecta ao verbo, mantén o tempo pero non a voz. Ademais, pode variar de persoa e número para concordar co novo suxeito.

Para practicar, transformaremos en activas as oracións pasivas que apareceron con anterioridade:

Roma	**a Romŭlo**	**condĭtur**	*Roma*	*é fundada*	*por Rómulo*
S. PACIENTE	C. AXENTE	V. PASIVO	S. PACIENTE	V. PASIVO	C. AXENTE

Romŭlus	**Romam**	**condit**	*Rómulo*	*funda*	*Roma*
SUXEITO	C. DIRECTO	V. ACTIVO	SUXEITO	V. ACTIVO	C. DIRECTO

Ao pasar a activa esta primeira frase, prodúcense os seguintes cambios:

O nominativo que desempeña a función de suxeito paciente, **Roma**, convértese no complemento directo da voz activa, e, polo tanto, pasa a expresarse en acusativo sen preposición, **Romam**. O complemento axente en ablativo con preposición por ser persoa, **a Romŭlo**, transfórmase no suxeito en nominativo, **Romŭlus**. O verbo mantén o tempo, pero adopta as desinencias activas. Neste caso o novo suxeito non esixe un cambio de número e persoa no verbo. Polo tanto, **condĭtur** convértese en **condit**, tamén terceira persoa de singular do presente de indicativo, pero da voz activa.

Gemĭni	**lupa**	**aluntur**	*Os xemelgos*	*son alimentados*	*por unha loba*
S. PACIENTE	C. AXENTE	V. PASIVO	S. PACIENTE	V. PASIVO	C. AXENTE

Lupa	**gemĭnos**	**alit**	*Unha loba*	*alimenta*	*aos xemelgos*
SUXEITO	C. DIRECTO	V. ACTIVO	SUXEITO	V. ACTIVO	C. DIRECTO

Nesta segunda frase, o suxeito paciente expresado en nominativo, **Gemĭni**, convértese no complemento directo en acusativo sen preposición, **gemĭnos**. Por non tratarse dunha persoa, o comple-

mento axente, **lupa**, en ablativo sen preposición, pasa a ser o suxeito en nominativo, **lupa**. Aínda que a terminación resulta igual, representa casos distintos ablativo/nominativo. O verbo cambia de voz, pero tamén debe facelo de número para concordar co novo suxeito singular, é dicir, **aluntur** convértese en **alit**, tamén presente de indicativo, pero en voz activa e en terceira persoa de singular e non de plural. Cando na frase latina, galega ou castelá hai outras funcións sintácticas, estas non varían, polo que en latín non se orixinan cambios de caso.

Léxico

EVOLUCIÓN FONÉTICA: CONSOANTES EN POSICIÓN FINAL

As consoantes finais latinas desapareceron. Un cambio de gran repercusión foi a caída do -**m** final do caso acusativo e do **-t** da 3ª persoa de sing. e pl. dos verbos.

Hai excepcións para esta regra xeral:

Nos monosílabos o **m** > **n**: **tam** > *tan*.

O **s** e o **l** consérvanse: **minus** > *menos.*

O **r** sofre *metátese**, troco de lugar, e pasa á sílaba interior: **inter** > *entre*.

O feito de que en galego e castelán se manteñan as consoantes finais latinas, débese a que se trata de cultismos, ou a que, en realidade, non eran finais, senón que quedaron na devandita posición tras caer as vogais que estaban en posición final. Por exemplo: **augūrem** > *augur*; **sermōnem** > *sermón*.

EXPRESIÓNS LATINAS

– et caetĕra	*e o demais*
– ex abrupto	*bruscamente*
– ex professo	*adrede*
– factotum	*que o fai todo*
– gratis et amōre	*gratis e por amor*
– alter ego	*o outro eu*
– finis corōnat opus	*o fin coroa o traballo*

Realiza as actividades de repaso